

## **MOCIÓN DE SOMOS CAMBADOS EN DEFENSA DOS** **TRABALLADORES DO MAR**

Xurxo Charlín Trigo, con DI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta moción, en base á seguinte

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A finais do ano pasado foi aprobado polo consello de ministros o Real Decreto-ley 28/2018, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, sendo convalidado polo Congreso no mes de xaneiro.

A realidade é que, este real decreto mellora as prestacións cunha subida nas cotizacións aos traballadores do mar, pero esta modificación tamén supón un aumento importante do custe da Seguridade Social para as empresas pesqueiras, con especial incidencia nas empresas do Grupo II de cotización ao Réxime Especial do Mar.

Aínda que estaba previsto excluír as cotizacións para as embarcacións inferiores a 10 toneladas, na realidade non se aplicaron estas exclusións que se plantexaron neste Real Decreto-Ley, co cal aos pescadores artesanais, ás mariscadoras a pe e aos mariscadores a flote, se lles incrementou a base de cotización da seguridade social. Hai que ter en conta tamén que isto aumentou considerablemente o custe das cotizacións dos barcos nuns 50 euros/mes por tripulante e das mariscadoras a pe nuns 46 euros/mes. Para un barco de cerco ou de arrastre, con 10 persoas a bordo, supón uns 500 euros máis ao mes e uns 6.000 ao ano, cuestión que haberá que deducir dos salarios toda vez que na meirande parte dos barcos andan “a quiñón” e verán restrinxido o montante do que se reparte.

Ademais, e vistas as modificacións realizadas, os colectivos mostraron o seu rexeitamento a esta medida, xa que non foi consensuada nin coas confrarías nin coas asociacións de autónomos, así mostraron o seu rexeitamento publicamente a esta medida, ademais de que denunciaron a falta de información por parte do ISM, denunciando que coñeceron esta forte subida nas súas cotas o mércores, porque é cando a Seguridade Social pasoulles ao banco o cobro dos recibos correspondentes a xaneiro. As asociacións de autónomos tamén denunciaron que ninguén previra que o Goberno aplicase unha subida do 50 euros mensuais aos traballadores do mar por que non se discutiu nas mesas de negociación, xa que non se abordou nas comisións executivas do ISM.

Por todo o exposto, consideramos que a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado debe atender as reivindicacións dos traballadores do mar. Con esta finalidade, o Pleno da Corporación do Concello de Cambados

**ACORDA**

1º. Instar á Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a:

- 1.- Negociar coas organizacións de autónomos e a Federación Galega de Confrarías para acadar un acordo que permita mellorar as prestacións sociais dos traballadores do mar de forma paulatina e mediante o consenso.
- 2.- Negociar e acadar un acordo para que se corrixa esta modificación legal deixando sen efecto esta suba dos abonos á Seguridade Social ata que se chegue a un acordo coas organizacións de autónomos e a Federación Galega de Confrarías.
- 3.- Que se realice por parte da Xunta de Galicia un estudo completo e serio sobre cal é a situación da protección real e social dos traballadores do mar en Galiza, no que se teña en conta posibles desequilibrios ou descompensacións entre as diferentes continxencias profesionais de mariscadores a flote ou a pe, redeiras e tripulantes de baixura e altura, e que en base aos resultados do mesmo se demande no goberno central as proteccións acordadas coas situacións reais dos traballadores do mar.

2º. Dar traslado do presente acordo a Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.